



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** RES. CORRECCION ERRO PCAP CONTRATACIÓN SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE II. PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014/2020. PROXECTO IDAE: FEDER-EELL-2019-000854. O-3/2020

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000119

Mediante Decreto da Alcaldía de 3 de febreiro de 2021 (res.106/2020), resolveuse aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR-FASE II. IDAE. PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020. O-3/2020, mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas e aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 2 de febreiro de 2021, que rexerán a contratación.

Considerando que no anexo I do Prego de cláusulas administrativas particulares detectouse un erro consistente en non trasladar correctamente ao epígrafe 7 do anexo I do PCAP o reflectido na cláusula 7 do mesmo PCAP, que indica que *“7.1. Clasificación. Para contratar coa Administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista obtivera previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato”*.

Considerando que a devandita clasificación recolleuse no epígrafe 8 do mesmo PCAP.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985. do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”*.



Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no PCAP, tal e como resulta do exposto, e que o artigo 122.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, LCSP indica “*Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético*”.

Tratándose dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos que obran no expediente administrativo.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, en relación ca Resolución de Alcaldía 7/2020 de 8 de xaneiro pola que se avoga as competencias en relación co presente expediente de contratación.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Corrixir o erro material advertido no Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 2 de febreiro de 2021, que rexerán a contratación de SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR-FASE II. IDAE. PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020. O-3/2020 de xeito que o anexo I epígrafes 7 e 8 recollan o seguinte, en consonancia ca cláusula 7.1 dos pregos:

7. CLASIFICACIÓN	Grupo	subgrupo	categoría
ESIXIDA	<u>  G  </u>	<u>  6  </u>	<u>  3  </u>



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

	_E_____7_____3_
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	

**Segundo.-** Publicar este acordo no perfil do contratante ubicado na PLCSP xunto cos pregos rectificadas.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde  
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Diaz